



CG/mfl

Asunto	Informe complementario sobre efectos sinérgicos no marco da avaliación ambiental	Clave	PE/CO/038/21(1)
Proxecto	Parque eólico Monte Inxeiro		
Espazo natural	Ningún		
Concellos	Ordes e Cerceda		
Provincias	A Coruña		
Solicitante	Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	Ref.	2018/0073
Promotor	Green Capital Power, S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante nota interior do 30.12.2022 da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe relativo á caracterización dos efectos sinérgicos do parque eólico de referencia, derivado do feito de que esta instalación se atopa nun ADE no que hai proxectados varios parques eólicos.

A presente solicitude non se acompaña de nova documentación, supón por tanto unha petición sobre aspectos xa contidos no expediente relativo ao proxecto e que esta Dirección Xeral informou con anterioridade durante a tramitación ambiental. Neste senso esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu o informe ao que se refire a solicitude PE/CO/038/21 con data 09/05/2022.

O actual informe se restrinxirá ao requirido, isto é, análise dos impactos sinérgicos deste parque a raíz da confluencia na mesma ADE de máis instalación eólicas, debendo considerarse por tanto un complemento ao anterior.



II. Análise e avaliación de sinerxias.

A raíz da solicitude efectuada revísase a documentación obrante no expediente de referencia co fin de poder dar resposta á caracterización dos efectos sinérxicos que se detectan en relación a este proxecto. Nun primeiro termo se fará alusión ao ámbito de estudo que a este respecto se incorpora en devandita documentación para a posteriori interpor a análise e valoración específica de esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

— **Identificación, descrición e análise dos efectos sinérxicos do proxecto efectuada no estudo de impacto ambiental sobre os factores do patrimonio natural e a biodiversidade.**

No estudo de impacto ambiental de data setembro de 2021 analízanse estes efectos no Anexo 9 “Estudio de efectos acumulativos” analízanse os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos que poden orixinarse como consecuencia da construción e explotación do proxecto Parque Eólico Monte Inxeiro. No EslA seleccionáronse os parques eólicos, liñas eléctricas de alta tensión, subestacións de evacuación de enerxía e antenas de telecomunicación, localizados nun radio de 20 km entorno ao Parque Eólico Monte Inxeiro e á súa Liña Eléctrica de Evacuación; estes foron extraídos do Rexistro Eólico de Galicia, en consulta realizada o 31/05/2021 (versión 20171024) e do Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia actualizado por Resolución do 25/05/2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en consulta realizada el 31/05/2021.

Na data de consulta do Rexistro Eólico, todos os proxectos se encontran en fase de tramitación (inicial ou avanzada), a excepción do PE Pena Galluda, o PE Singular de Cerceda e o PE Castelo que están en fase de explotación.

Analiza os impactos que se poidan producir sobre a hidroloxía, vexetación, hábitats, corredores ecolóxicos e conectividade ecolóxica, espazos protexidos, fauna, paisaxe así como a contaminación acústica, considera a posibilidade de que se produzan efectos acumulativos sobre a fauna: colisións con aeroxeradores e liñas e efectos barreira, molestias e desprazamento.






Como característica máis destacable, hai que indicar que os parques eólicos (todos en distintas fases de tramitación) suman un total de 155 aerogeradores repartidos nunha área dun 1.395 km². En media, isto representa unha densidade de 0,11 aerogeradores por km². serían os seguintes:

- ❖ P.E. DE MONTE SAN BARTOLOMÉ. Situado a uns 5.020 m do proxecto e composto por 11 aerogeradores.
- ❖ P.E. DE PEDRA QUEIMADA. Formado por 2 aerogeradores que se localizan ao redor dos 18.000 m do proxecto.
- ❖ P.E. 256 MEIRAMA. Situado a uns 8.270 m do proxecto e composto por 5 aerogeradores, dispón ademais de 2 torres meteorolóxicas e 1 subestación de transformación eléctrica.
- ❖ P.E. DE ENCROBAS. Situado a uns 7.900 m do proxecto e composto por 4 aerogeradores, dispón ademais de 1 subestación de transformación eléctrica.
- ❖ P.E. LEGRE. Situado a uns 13.000 m do proxecto e composto por 7 aerogeradores.
- ❖ P.E. DE TEIXOS. Parque eólico constituído por 13 aerogeradores que se sitúan a unha distancia de 3.115 m.
- ❖ P.E. DE COTO LOUREIRO. Situado a uns 9.160 m do proxecto e composto por 14 aerogeradores que se localizan na zona centro-sur do municipio de Laracha, ao norte da Serra de Montemaior e ao sur dos ríos Anllóns e Acheiro.
- ❖ P.E. BUSTELO. Situado a uns 19.600 m do proxecto e composto por 11 aerogeradores.
- ❖ P.E. CARBOEIRO. Situado a uns 13.500 m do proxecto e composto por 8 aerogeradores.
- ❖ P.E. CASTELO. Situado a uns 18.900 m do proxecto e composto por 25 aerogeradores.
- ❖ P.E. GASALLA. Situado a uns 12.800 m do proxecto e composto por 7 aerogeradores.





- ❖ P.E. MEIRAMA. Situado a uns 3.300 m do proxecto e composto por 13 aeroxeradores.
- ❖ P.E. O PICOTO. Situado a uns 10.000 m do proxecto e composto por un único aeroxerador, localízase ademais sobre o municipio de Arteixo.
- ❖ P.E. PENA GALLUDA. Situado a uns 12.000 m do proxecto e constituído por un único aeroxerador.
- ❖ P.E. S. DE CERCEDA. Situado a uns 6.800 m do proxecto e composto por 2 aeroxeradores.
- ❖ P.E. PICO CEDEIRA. Situado a uns 4.400 m do proxecto e constituído por 16 aeroxeradores.
- ❖ P.E. SOLPOR. Situado a uns 6.000 m do proxecto e constituído por 7 aeroxeradores.



No EsIA, como conclusións ao respecto establecen as seguintes:

- ❖ O impacto do conxunto de infraestruturas sobre a vexetación é significativo (negativo) e compatible.
- ❖ O impacto do conxunto de infraestruturas sobre os hábitats é significativo (negativo) e compatible.



- ❖ Respecto á Rede Natura e outros espazos protexidos, non se prevén afeccións directas, polo que resulta un impacto non significativo e compatible.
- ❖ O EsIA conclúe que o impacto do conxunto de infraestruturas sobre a avifauna e quirópteros é significativo (negativo) e moderado.
- ❖ O EsIA finaliza indicando que non é previsible a existencia de efectos acumulativos derivados do conxunto das infraestruturas, sobre outros grupos faunísticos con hábitos de vida puramente terrestre.
- ❖ O EsIA non realiza unha valoración global do impacto sinérxico ou acumulativo que producirá a instalación do PE Monte Inxeiro co resto de parques e liñas eléctricas existentes ou en tramitación na envolvente de 20 km.

— **Análise e valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.**

Exposta a información achegada na documentación ambiental se procede de seguido a expor a análise e valoración desta dirección xeral, neste senso indícase o seguinte.

As áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo Plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, vén establecendo por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.



Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios:

- ❖ Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.
- ❖ Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia.
- ❖ Reservas da biosfera.
- ❖ Resto do territorio.

O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.





III. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Monte Inxeiro, infórmase que **o presente proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias.**

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

